

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

4618 *LEI 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.* («BOE» 50, de 27-2-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

A tódolos que a viren e entenderen.
Saiban que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A aprobación dunha lei que conteña os dereitos e garantías dos contribuíntes, amplamente demandada por tódolos sectores sociais, constitúe un fito de transcendencia innegable no proceso de reforzamento do principio de seguridade xurídica característico das sociedades democráticas máis avanzadas. Permite, ademais, profundar na idea de equilibrio das situacións xurídicas da Administración tributaria e dos contribuíntes, coa finalidade de favorecer un mellor cumprimento voluntario das obrigas destes.

Agora ben, os dereitos e garantías que esta lei explicita non son senón a contrapartida das obrigas que sobre os contribuíntes pesan derivadas da obriga xeral de contribuir ó sostemento dos gastos públicos de acordo cos principios contidos na Constitución. A presente lei, que recolle nun só corpo normativo os principais dereitos e garantías dos contribuíntes, non fai ningunha referencia, sen embargo, ás obrigas tributarias, xa que estas aparecen debidamente establecidas nos correspondentes textos legais e regulamentarios. A regulación nun texto legal único dotará ós dereitos e garantías recollidos nel de maior forza e eficacia e permitirá a xeneralización da súa aplicación ó conxunto das administracións tributarias, sen prexuízo da súa posible integración nun momento ulterior na Lei xeral tributaria en canto que constitúe o eixe vertebrador do ordenamento tributario.

II

A presente lei introduce nalgúns preceptos modificacións esenciais no ordenamento xurídico vixente e, noutros, reproduce os principios básicos que deben presidir a actuación da Administración tributaria nos diferentes procedementos. Por iso, xunto coa importante reforma que esta lei representa, debe salientarse, así mesmo, o seu carácter programático, en canto que constitúe unha declaración de principios de aplicación xeral no conxunto do sistema tributario, co fin de mellorar substancialmente a posición xurídica do contribuínte co

fin de acadalo anhelado equilibrio nas relacións da Administración cos administrados e de reforzala seguridade xurídica no marco tributario.

A este propósito responde, así mesmo, a creación do Consello para a Defensa do Contribuínte, levada a cabo polo Real decreto 2458/1996, do 2 de decembro, e que contribuirá eficazmente á aplicación da presente lei.

III

As modificacións que a lei incorpora van dirixidas, por unha banda, a reforzalos dereitos do contribuínte e a súa participación nos procedementos tributarios e, por outra, e con esta mesma finalidade, a reforzalas obrigas da Administración tributaria, tanto en pos de conseguir unha maior celeridade nas súas resolucións, como de completa-las garantías existentes nos diferentes procedementos.

Ó primeiro grupo de medidas pertencen as seguintes:

A incorporación ó ordenamento tributario do conxunto de dereitos básicos do cidadán recoñecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A mellora das condicións das devolucións tributarias, mediante o aboamento do xuro de demora tributario transcorrido o prazo establecido para practicala liquidación provisional sen necesidade de denuncia-la mora.

A extensión do reembolso dos custos dos avais prestados ós incorridos para afianza-las débedas tributarias e non só, como ata agora, os correspondentes ás sancións, así como ós gastos incorridos pola achega doutras garantías que regulamentariamente se determinen.

A redución e con carácter xeral dos prazos de prescrición do dereito da Administración tributaria para determina-la débeda tributaria mediante a oportuna liquidación, da acción para esixilo pagamento das débedas tributarias liquidadas e da acción para impor sancións tributarias.

No segundo grupo de medidas poden salientarse as seguintes:

A imposición de sancións tributarias mediante un expediente distinto e independente do instruído para a comprobación e investigación da situación tributaria do suxeito infractor.

A suspensión da execución das sancións tributarias mentres tanto non sexan firmes en vía administrativa, o que entraña a presentación dos correspondentes recursos ou reclamacións sen necesidade de prestar garantía.

A configuración da vía económico-administrativa nunha soa instancia, co fin de acceleralos prazos de resolución das correspondentes reclamacións. Isto non impide, sen embargo, que, se o contribuínte o xulga oportuno, poida recorrer en certos casos en primeira instancia ante o Tribunal Económico-administrativo rexional ou local

que lle corresponda e enalzada ante o Tribunal Económico-administrativo central.

Ó mesmo tempo, incídese nas tarefas da Administración tributaria de información e asistencia ó contribuínte, con especial mención, por razóns de seguridade xurídica, da posibilidade de concertar acordos previos coa Administración tributaria e formular consultas que ó seren contestadas terán efecto vinculante para esta.

IV

De acordo co anterior, esta lei estrutúrase en oito capítulos nos que se ordenan desde a perspectiva do contribuínte os seus dereitos e garantías máis relevantes, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha derogatoria e seis disposicións derradeiras.

No capítulo I recóllense os principios xerais que a inspiran. No capítulo II, a obriga da Administración tributaria de lle prestar información e asistencia ó contribuínte no cumprimento das obrigas tributarias. No capítulo III están recollidos os preceptos relativos á devolución de ingresos indebidos, as devolucións de oficio e o reembolso dos custos das garantías achegadas para suspende-la execución dunha débeda tributaria.

Os dereitos dos contribuíntes de carácter xeral nos procedementos tributarios regúlanse no capítulo IV, mentres que os capítulos V, VI e VII especifican os dereitos e garantías propios dos procedementos de inspección, recadación e de imposición de sancións.

Neste contexto, o capítulo IV recolle os dereitos dos contribuíntes enunciados na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coa súa adaptación ás peculiaridades dos procedementos tributarios, así como os demais dereitos xerais dos contribuíntes nos devanditos procedementos, tales como a obriga da Administración tributaria de resolver as cuestións xurdidas, o dereito a presentar alegacións e ó trámite de audiencia, os prazos en que deben resolverse os procedementos tributarios e os prazos de prescrición.

No capítulo V regúlase a publicidade dos plans de inspección, a información ó inicio das actuacións de comprobación e investigación, o dereito dos contribuíntes a solicitar que as actuacións de comprobación e investigación de carácter parcial teñan carácter xeral e fixa prazos máximos para a conclusión de actuacións.

No capítulo VI regúlase a suspensión do ingreso da débeda tributaria, os dereitos e garantías no procedemento de constrinximento e a derivación e alcance da responsabilidade.

No capítulo VII conségrase a presunción de boa fe e prevese a separación entre o procedemento sancionador e o de comprobación e investigación, así como a suspensión da execución das sancións tributarias ata que adquiran firmeza en vía administrativa.

No capítulo VIII recóllese o dereito dos contribuíntes a presentar recursos e reclamacións e configúrase, con carácter xeral, a vía económico-administrativa nunha soa instancia.

Na disposición transitoria establécese o réxime aplicable trala entrada en vigor da norma ós procedementos tributarios xa iniciados.

Finalmente, nas disposicións derogatorias e derradeiras axéitase a normativa tributaria ó disposto na presente lei, coa derogación de determinados preceptos da Lei xeral tributaria. Declárase expresamente a vixencia doutros preceptos da dita lei e dásele nova redacción ós preceptos que deben ser modificados como consecuencia da aprobación da presente lei.

CAPÍTULO I

Principios xerais e dereitos dos contribuíntes

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. A presente lei regula os dereitos e garantías básicos dos contribuíntes nas súas relacións coas administracións tributarias, e será aplicable a todas elas.

2. Os dereitos que se reflicten na presente lei enténdense sen prexuízo dos dereitos recoñecidos no resto do ordenamento.

3. As referencias que se realizan nesta lei ós contribuíntes entenderanse, así mesmo, aplicables ós restantes suxeitos pasivos, retedores, obrigados a ingresar a conta, responsables, sucesores na débeda tributaria, representantes legais ou voluntarios e obrigados a subministrar información ou a prestarlle colaboración á Administración tributaria.

Artigo 2. *Principios xerais en particular.*

1. A ordenación dos tributos ten que basearse na capacidade económica das persoas chamadas a satisfacerlos e nos principios de xustiza, xeneralidade, igualdade, progresividade, equitativa distribución da carga tributaria e non confiscatoriedade.

2. A aplicación do sistema tributario basearase nos principios de xeneralidade, proporcionalidade, eficacia e limitación de custos indirectos derivados do cumprimento de obrigas formais. Así mesmo, asegurará o respecto dos dereitos e garantías do contribuínte establecidos na presente lei.

Artigo 3. *Dereitos xerais dos contribuíntes.*

Constitúen dereitos xerais dos contribuíntes os seguintes:

a) Dereito a ser informado e asistido pola Administración tributaria no cumprimento das súas obrigas tributarias sobre o seu contido e alcance.

b) Dereito a obter, nos termos previstos na presente lei, as devolucións de ingresos indebidos e as devolucións de oficio que procedan, con aboamento do xuro de demora previsto no artigo 58.2.c) da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, sen necesidade de facer requirimento para o efecto.

c) Dereito de ser reembolsado, no xeito fixado nesta lei, do custo dos avais e outras garantías achegados para suspende-la execución dunha débeda tributaria, en canto esta sexa declarada improcedente por sentenza ou resolución administrativa firme.

d) Dereito a coñece-lo estado de tramitación dos procedementos nos que sexa parte.

e) Dereito a coñece-la identidade das autoridades e persoas ó servizo da Administración tributaria, baixo a responsabilidade da cal se tramitan os procedementos de xestión tributaria nos que teña a condición de interesado.

f) Dereito a solicitar certificación e copia das declaracións presentadas por el.

g) Dereito a non achega-los documentos xa presentados e que se atopan en poder da Administración actuante.

h) Dereito, nos termos legalmente previstos, ó carácter reservado dos datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración tributaria, que só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos dos que teña encomendada xestión, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás nos supostos previstos nas leis.

i) Dereito a ser tratado co debido respecto e consideración polo persoal ó servizo da Administración tributaria.

x) Dereito a que as actuacións da Administración tributaria que requiran a súa intervención se leven a cabo no xeito que lle resulte menos gravoso.

k) Dereito a formular alegacións e a achegar documentos que serán tidos en conta polos órganos competentes ó redactaren a correspondente proposta de resolución.

l) Dereito a ser oído no trámite de audiencia con carácter previo á redacción da proposta de resolución.

m) Dereito a ser informado dos valores dos bens inmobles que vaian ser obxecto de adquisición o transmisión.

n) Dereito a ser informado, ó inicio das actuacións de comprobación e investigación levadas a cabo pola Inspección dos Tributos, sobre o seu alcance e natureza, así como dos seus dereitos e obrigas no curso de tales actuacións e a que se desenvolvan nos prazos previstos na presente lei.

Artigo 4. *Normativa tributaria.*

1. As leis e os regulamentos que conteñan normas tributarias deberano mencionar expresamente no seu título e na rúbrica dos artigos correspondentes.

2. As leis e os regulamentos que modifiquen normas tributarias conterán unha relación completa das normas derogadas e a nova redacción das que resulten modificadas.

3. As normas que regulen o réxime de infraccións e sancións tributarias, así como o dos recargos, terán efectos retroactivos cando a súa aplicación resulte máis favorable para o afectado.

4. As presuncións establecidas polas leis tributarias poden destruírse mediante proba en contrario, excepto nos casos en que aquelas expresamente o prohiban.

CAPÍTULO II

Información e asistencia no cumprimento das obrigas tributarias

Artigo 5. *Información e asistencia.*

1. A Administración tributaria deberalles prestar ós contribuíntes a necesaria asistencia e información sobre os seus dereitos.

Esta actividade levarase a cabo, entre outras, a través das seguintes actuacións: publicación de textos actualizados das normas tributarias, remisión de comunicacións, contestación a consultas tributarias e adopción de acordos previos de valoración.

2. Nos termos establecidos polas leis, quedarán exentos de responsabilidade por infracción tributaria os contribuíntes que axeiten a súa actuación ós criterios manifestados pola Administración tributaria competente nas publicacións, comunicacións e contestacións a consultas ás que se refire o parágrafo anterior.

Artigo 6. *Publicacións.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda acordará e ordenará a publicación no primeiro trimestre de cada exercicio dos textos actualizados das leis e reais decretos en materia tributaria nos que se produciisen variacións verbo dos textos vixentes no exercicio precedente. Así mesmo, ordenará a publicación en igual prazo e forma dunha relación de tódalas disposicións tributarias que se aprobasen no devandito exercicio.

2. Tamén publicará periodicamente polos procedementos que en cada caso resulten axeitados as contestacións a consultas e as resolucións económico-administrativas de maior transcendencia e repercusión.

3. A Administración central e as administracións autonómicas poderán regular mediante convenios a publicación, ademais de en castelán, nas demais linguas declaradas oficiais nos estatutos de autonomía.

4. A Administración tributaria e os tribunais económico-administrativos deberán subministrar, por petición dos interesados, o texto íntegro de consultas ou resolucións concretas, con supresión nelas de toda referencia ós datos que permitan a identificación das persoas ás que se refire.

Artigo 7. *Comunicacións.*

A Administración tributaria informará os contribuíntes dos criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria a través dos servizos de información das oficinas abertas ó público, facilitará a consulta das bases informatizadas onde estean contidos os ditos criterios e remitirá comunicacións destinadas a informar sobre a tributación de determinados sectores, actividades ou fontes de renda.

Artigo 8. *Consultas tributarias.*

1. Os contribuíntes poderán formularlle á Administración tributaria consultas debidamente documentadas verbo do réxime, a clasificación ou a cualificación tributaria que en cada caso lles corresponda. A Administración tributaria deberá contestar por escrito as consultas así formuladas.

2. A dita contestación terá carácter vinculante para a Administración tributaria na forma e nos supostos previstos na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e nas leis propias de cada tributo. Neste suposto o prazo máximo para contestar por escrito as consultas será de seis meses.

Artigo 9. *Acordos previos de valoración.*

1. Os contribuíntes poderán solicitarlle á Administración tributaria, cando as leis ou regulamentos propios de cada tributo así o prevexan, que determine con carácter previo e vinculante a valoración para efectos fiscais de rendas, produtos, bens, gastos e demais elementos do feito imponible.

2. A solicitude deberá presentarse por escrito antes da realización do feito imponible ou, se é o caso, nos prazos que estableza a normativa de cada tributo e terá que ir xunto cunha proposta de valoración formulada polo contribuínte.

3. A Administración tributaria poderá comprobalos elementos de feito e as circunstancias declaradas polo contribuínte.

4. A valoración da Administración tributaria será emitida por escrito, con indicación do seu carácter vinculante, do suposto de feito ó que se refire e do imposto ó que se aplica, de acordo co procedemento e nos prazos fixados na normativa de cada tributo. A falta de contestación da Administración tributaria nos prazos indicados implicará a aceptación dos valores propostos polo contribuínte.

5. Non sendo no suposto de que se modifique a lexislación, ou que varíen significativamente as circunstancias económicas que fundamentaron a súa valoración, a Administración tributaria está obrigada a lle aplicar ó contribuínte os valores expresados no acordo.

6. O acordo terá un prazo máximo de vixencia de tres anos, salvo que na normativa que o estableza se prevexa outro distinto.

7. Os contribuíntes non poderán interpor ningún recurso contra os acordos regulados neste precepto, sen prexuízo de que poidan facelo contra as liquidacións que puidesen ser dictadas ulteriormente.

CAPÍTULO III

Devolucións e reembolsos

Artigo 10. *Devolución de ingresos indebidos.*

Os contribuíntes e os seus herdeiros ou habentes causa terán dereito á devolución dos ingresos que indebidamente realizasen no Tesouro con ocasión do pagamento das débedas tributarias, aplicándose-lle o xuro de demora regulado no artigo 58.2.c) da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 11. *Devolucións de oficio.*

A Administración tributaria devolverá de oficio as cantidades que procedan de acordo co previsto na normativa específica do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre sociedades e do imposto sobre o valor engadido. Transcorrido o prazo fixado nas normas reguladoras de cada tributo e, en calquera caso, o prazo de seis meses, sen que fose ordenado o pagamento da devolución por causa imputable á Administración tributaria, o contribuínte terá dereito ó aboamento do xuro de demora regulado no artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria, sen necesidade de efectuar requirimento para tal efecto. Para estes efectos, o dito xuro devengarase desde o remate do prazo que dispón a Administración tributaria para practicala liquidación provisional ata a data en que se ordene o pagamento da correspondente devolución.

Artigo 12. *Reembolso dos custos das garantías.*

1. A Administración tributaria reembolsará, logo de acreditación do seu importe, o custo das garantías achegadas para suspende-la execución dunha débeda tributaria, en canto esta sexa declarada improcedente por sentenza ou resolución administrativa e a devandita declaración adquiera firmeza.

Cando a débeda tributaria sexa declarada parcialmente improcedente, o reembolso acadará a parte correspondente do custo das referidas garantías.

Regulamentariamente será regulado o procedemento de reembolso e a maneira de determina-lo custo das garantías distintas do aval.

2. Así mesmo, nos supostos de estimación parcial do recurso ou a reclamación interpostos, terá dereito o contribuínte á redución proporcional da garantía achegada nos termos que se establezan regulamentariamente.

CAPÍTULO IV

Dereitos e garantías nos procedementos tributarios

Artigo 13. *Obriga de resolver.*

1. A Administración tributaria está obrigada a resolver expresamente tódalas cuestións que se presenten nos procedementos de xestión tributaria iniciados de oficio ou por instancia de parte excepto nos procedementos relativos ó exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación e cando se produza a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou o desistimento dos interesados.

Non obstante, cando o interesado pida expresamente que a Administración tributaria declare que se produciu algunha das referidas circunstancias, esta quedará obrigada a resolver sobre a súa petición.

2. Os actos de liquidación, os de comprobación de valor, os que resolvan recursos e reclamacións, os que deneguen a suspensión da execución de actos de xestión tributaria, así como cantos outros se establezan na normativa vixente, serán motivados con referencia ós feitos e fundamentos de dereito.

Artigo 14. *Estado de tramitación dos procedementos.*

O contribuínte que sexa parte nun procedemento de xestión tributaria poderá coñecer, en calquera momento do seu desenvolvemento, o estado da tramitación do procedemento. Así mesmo poderá obter, pola súa conta, copia dos documentos que figuren no expediente e que teñan que ser tidos en conta polo órgano competente á hora de dicta-la resolución, non sendo que afecten a intereses de terceiros ou á intimidade doutras persoas ou que así o dispoña unha lei. Nas actuacións de comprobación e investigación, estas copias seranlle facilitadas no trámite de audiencia ó interesado ó que se refire o artigo 22 desta lei.

Artigo 15. *Identificación dos responsables da tramitación dos procedementos.*

Os contribuíntes poderán coñece-la identidade das autoridades e persoal ó servizo da Administración tributaria responsable da tramitación dos procedementos de xestión tributaria nos que teñan a condición de interesados.

Artigo 16. *Expedición de certificacións e copias acreditativas da presentación de declaracións e documentos.*

Os contribuíntes teñen dereito a que se lles expida certificación das declaracións tributarias presentadas por eles ou de puntos concretos contidos nelas. Así mesmo, para efectos da acreditación da presentación de documentos perante a Administración tributaria, así como da data da dita presentación, os contribuíntes teñen dereito a obteren copia selada deles, sempre que a acheguen xunto cos orixinais para o seu cotexo e, no caso de que os ditos documentos non deban estar no expediente, poderán solicita-la devolución de tales orixinais.

Artigo 17. *Presentación de documentos.*

Os contribuíntes poden rexeita-la presentación de documentos que non resulten esixidos pola normativa aplicable ó procedemento de xestión tributaria de que se trate. Así mesmo, teñen dereito a non achegar aqueles documentos xa presentados por eles mesmos e que se encontren en poder da Administración actuante.

A dita Administración poderá, en calquera caso, requirir-lle ó interesado a ratificación daqueles datos específicos propios ou de terceiros, previamente achegados, contidos nos ditos documentos.

Artigo 18. *Carácter reservado da información obtida pola Administración tributaria e acceso a arquivos e rexistros administrativos.*

1. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración tributaria teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos dos que teña a súa xestión encomen-

dada, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás nos supostos previstos nas leis.

Cantas autoridades, funcionarios ou outras persoas ó servizo da Administración tributaria teñan coñecemento destes datos, informes ou antecedentes estarán obrigados ó máis estricto e completo sigilo verbo deles, non sendo nos casos previstos nas leis.

2. No marco previsto no apartado anterior, os contribuíntes poden acceder ós rexistros e documentos que, formando parte dun expediente, consten nos arquivos administrativos, sempre que tales expedientes correspondan a procedementos terminados na data da solicitude nos que o solicitante interviñese.

Artigo 19. *Trato respectuoso.*

Os contribuíntes teñen dereito, nas súas relacións coa Administración tributaria, a seren tratados co debido respecto e consideración polo persoal ó servizo daquela.

Artigo 20. *Obriga da Administración tributaria de facilita-lo exercicio dos dereitos.*

A Administración tributaria facilitaralle en todo momento ó contribuínte o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

As actuacións da Administración tributaria que requiran a intervención dos contribuíntes deberán levarse a cabo da maneira que resulte menos gravosa para estes, sempre que isto non prexudique o cumprimento das súas obrigas tributarias.

Artigo 21. *Alegacións.*

Os contribuíntes poderán, en calquera momento do procedemento de xestión tributaria anterior ó trámite de audiencia ou, se é o caso, á redacción da proposta de resolución, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo, que serán tidos en conta polos órganos competentes ó redacta-la correspondente proposta de resolución.

Artigo 22. *Audiencia ó interesado.*

1. En todo procedemento de xestión tributaria daráselle audiencia ó interesado antes de redacta-la proposta de resolución para que poida alega-lo que conveña ó seu dereito.

2. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin sexan tidos en conta na resolución, outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 23. *Prazos.*

1. O prazo máximo de resolución dos procedementos de xestión tributaria será de seis meses, salvo que a normativa aplicable fixe un prazo distinto. As dilacións no procedemento por causa non imputable á propia Administración interromperán o cómputo do prazo para resolvelo.

2. Se vencese o prazo de resolución nos procedementos iniciados por instancia de parte, sen que o órgano competente a dictase expresamente, produciranse os efectos que estableza a súa normativa específica. Para estes efectos, todo procedemento de xestión tributaria deberá ter expresamente regulado o réxime de actos presuntos que lle corresponda.

3. Queda excluído das previsións anteriores o procedemento de constrinximento, xa que as súas actuacións poderán estenderse ata o prazo de prescrición da acción de cobro.

Artigo 24. *Prescrición.*

Prescribirán ós catro anos os seguintes dereitos e accións:

- a) O dereito da Administración para determina-la débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.
- b) A acción para esixi-lo pagamento das débedas tributarias liquidadas.
- c) A acción para impor sancións tributarias.
- d) O dereito á devolución de ingresos indebidos.

Artigo 25. *Valoración de bens.*

1. Cada Administración tributaria informará, por solicitude do interesado e para os efectos dos tributos dos que lle corresponda xestión, sobre o valor dos bens inmoables que, situados no territorio da súa competencia, vaian ser obxecto de adquisición ou de transmisión.

2. A dita información non impedirá a posterior comprobación administrativa, pero, cando o contribuínte seguisse os criterios manifestados pola Administración tributaria, non incorrerá en ningún tipo de responsabilidade.

CAPÍTULO V

Dereitos e garantías no procedemento de inspección

Artigo 26. *Plans de inspección.*

A Administración tributaria fará públicos os criterios nos que se basea cada ano o Plan Nacional de Inspección.

Artigo 27. *Información ó inicio das actuacións de comprobación e investigación.*

Os contribuíntes teñen dereito a seren informados, ó inicio das actuacións de comprobación e investigación levadas a cabo pola Inspección dos Tributos, sobre o seu alcance e natureza, así como dos seus dereitos e obrigas no curso de tales actuacións.

Artigo 28. *Alcance das actuacións de comprobación e investigación.*

1. Todo contribuínte que estea sendo obxecto dunha actuación de comprobación e investigación de carácter parcial, levada a cabo pola Inspección dos Tributos, poderá solicitar da Administración tributaria que a dita comprobación teña carácter xeral verbo do tributo e exercicio afectados pola actuación, sen que tal solicitude interrompa as actuacións en curso.

2. O contribuínte terá que efectua-la solicitude nun prazo de quince días desde que se produza a notificación do inicio das actuacións inspectoras de carácter parcial.

3. A Administración tributaria deberá inicia-la comprobación de carácter xeral no prazo de seis meses desde a solicitude.

Artigo 29. *Prazo.*

1. As actuacións de comprobación e investigación e as de liquidación levadas a cabo pola Inspección dos Tributos deberán concluír no prazo máximo de doce meses contados desde a data de notificación do seu inicio ó contribuínte. Non obstante, poderá ampliarse o dito prazo, co alcance e requisitos que regulamentariamente se determinen, por outros doce meses, cando

nas actuacións concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se trate de actuacións que revistan especial complexidade. En particular, entenderase que concorre esta circunstancia á vista do volume de operacións da persoa ou entidade, a dispersión xeográfica das súas actividades ou a súa tributación como grupos consolidados, ou en réxime de transparencia fiscal internacional.

b) Cando no transcurso destas se descubra que o contribuínte lle ocultou á Administración tributaria algunha das actividades, empresariais ou profesionais, que realice.

2. Para os efectos do prazo previsto no apartado anterior, non se computarán as dilacións imputables ó contribuínte, nin os períodos de interrupción xustificada que se especifiquen regulamentariamente.

3. A interrupción inxustificada durante seis meses das actuacións inspectoras, producida por causas non imputables ó obrigado tributario, ou o incumprimento do prazo ó que se refire o apartado 1, determinará que non se considere interrompida a prescrición como consecuencia de tales actuacións.

4. Para os efectos dos apartados anteriores, entenderase que as actuacións de comprobación e investigación e as de liquidación conclúen na data na que se dicte o acto administrativo que resulte das ditas actuacións.

CAPÍTULO VI

Dereitos e garantías no procedemento de recadación

Artigo 30. *Suspensión do ingreso.*

1. O contribuínte ten dereito, con ocasión da interposición do correspondente recurso ou reclamación administrativa, a que se suspenda o ingreso da débeda tributaria, sempre que achegue as garantías esixidas pola normativa vixente, non sendo que, de acordo con esta, cumpra a suspensión sen garantía.

2. Cando o contribuínte interpoña recurso contencioso-administrativo, a suspensión acordada en vía administrativa manterase, sempre que exista garantía suficiente, ata que o órgano xudicial competente adopte a decisión que corresponda en relación coa dita suspensión.

Artigo 31. *Procedemento de constrinximento.*

1. O procedemento de constrinximento iniciarase mediante providencia notificada ó debedor na que se identificará a débeda pendente.

2. A Administración tributaria non poderá proceder ó alleamento dos bens e dereitos embargados no curso do procedemento de constrinximento ata que o acto de liquidación da débeda tributaria executada sexa firme, agás nos supostos de forza maior, bens perecedoiros, bens nos que exista un risco de perda inminente de valor ou cando o contribuínte solicite de maneira expresa o seu alleamento.

Artigo 32. *Derivación formal e alcance da responsabilidade.*

A derivación da acción administrativa para esixilo pagamento da débeda tributaria ó responsable requirirá a notificación a este do acto no que, logo de audiencia ó interesado, se declare a súa responsabilidade e se determine o alcance desta.

CAPÍTULO VII

Dereitos e garantías no procedemento sancionador

Artigo 33. *Presunción de boa fe.*

1. A actuación dos contribuíntes presúmese realizada de boa fe.

2. Correspóndelle á Administración tributaria a proba de que concorren as circunstancias que determinan a culpabilidade do infractor na comisión de infraccións tributarias.

Artigo 34. *Procedemento separado.*

1. A imposición de sancións tributarias realizarase mediante un expediente distinto ou independente do instruído para a comprobación e investigación da situación tributaria do suxeito infractor, no que se lle dará en todo caso audiencia ó interesado.

2. Cando no procedemento sancionador vaian ser tidos en conta datos, probas ou circunstancias que consten ou fosen obtidos no expediente instruído nas actuacións de comprobación ou investigación da situación tributaria do suxeito infractor ou responsable, aqueles deberán incorporarse formalmente ó expediente sancionador antes do trámite de audiencia correspondente a este último.

3. O prazo máximo de resolución do expediente sancionador será de seis meses.

4. O acto de imposición de sanción poderá ser obxecto de recurso ou reclamación independente, se ben, no suposto de que o contribuínte impugne tamén a cota tributaria, acumularanse ámbolos recursos ou reclamacións.

Artigo 35. *Suspensión da execución das sancións.*

A execución das sancións tributarias quedará automaticamente suspendida sen necesidade de achegar garantía, pola presentación en tempo e forma do recurso ou reclamación administrativa que contra aquelas proceda e sen que poidan executarse ata que sexan firmes en vía administrativa.

CAPÍTULO VIII

Recursos e reclamacións

Artigo 36. *Dereito a recorrer.*

Os contribuíntes teñen dereito, nos termos legalmente previstos, a interpor en vía administrativa os recursos e reclamacións que procedan contra os actos dictados pola Administración tributaria, así como a que na notificación dos devanditos actos se indique o recurso procedente, o prazo para a súa interposición e o órgano ante o que debe formularse.

Artigo 37. *Reclamacións económico-administrativas.*

Cando a resolución das reclamacións económico-administrativas sexa susceptible de recurso de alzada ante o Tribunal Económico-administrativo central, a reclamación poderá interporse directamente ante este órgano.

Disposición adicional única. *Referencias á Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.*

As referencias contidas na Lei 30/1983, do 28 de decembro, reguladora da cesión de tributos do Estado

ás comunidades autónomas; na Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, e na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, relativas á aplicación da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, entenderanse realizadas tamén á presente Lei.

Disposición transitoria única. *Procedementos tributarios.*

1. Os procedementos tributarios xa iniciados antes da entrada en vigor da presente lei rexeranse pola normativa anterior ata a súa conclusión.

2. Non obstante, a imposición de sancións será realizada mediante un expediente distinto e independente do instruído para a comprobación e investigación da situación tributaria do suxeito infractor en todos aqueles procedementos de comprobación nos que, á entrada en vigor da presente lei, aínda non se documentou o resultado das actuacións nas actas correspondentes.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó previsto nesta lei.

2. En particular, queda derogado o apartado 3 da disposición adicional oitava da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988.

3. Conservan a súa vixencia os artigos 16, 37, 77, 96, 107, 113, 123, 124 e 127 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e o artigo 16 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Disposición derradeira primeira. *Modificación de determinados artigos da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.*

1. O artigo 3, el artigo 64 e o apartado 1 do artigo 155 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, quedarán redactados como segue:

Artigo 3.

«A ordenación dos tributos ten que basearse na capacidade económica das persoas chamadas a satisfacelos e nos principios de xustiza, xeneralidade, igualdade, progresividade, equitativa distribución da carga tributaria e non confiscatoriedade.»

Artigo 64.

Prescribirán ós catro anos os seguintes dereitos e accións:

a) O dereito da Administración para determinala débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.

b) A acción para esixir-lo pagamento das débedas tributarias liquidadas.

c) A acción para impor sancións tributarias.

d) O dereito á devolución de ingresos indebidos.»

Artigo 155, apartado 1.

«1. Os contribuíntes e os seus herdeiros ou habentes causa terán dereito á devolución dos ingresos que realizasen indebidamente no Tesouro con ocasión do pagamento das débedas tributarias, aplicándose o xuro de demora regulado no artigo 58.2.c.)»

2. Se da nova redacción ós apartados 3 e 4 do artigo 81 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria. Suprímese o apartado 6 deste mesmo precepto, que pasa a se-lo 5, todo isto conforme a seguinte redacción:

Artigo 81, apartados 3, 4 e 5.

«3. A execución das sancións tributarias quedará automaticamente suspendida sen necesidade de achegar garantía pola presentación en tempo e forma do recurso ou reclamación administrativos que contra aquelas proceda e sen que poidan executarse ata que sexan firmes en vía administrativa.

4. A Administración tributaria reembolsará, logo da acreditación do seu importe, o custo das garantías achegadas para suspender-la execución dunha débeda tributaria, en canto esta sexa declarada improcedente por sentenza ou resolución administrativa e a dita declaración adquiera firmeza.

Cando a débeda tributaria sexa declarada parcialmente improcedente, o reembolso acadará a parte correspondente do custo das referidas garantías.

Esta medida estenderase na forma que se determine en vía regulamentaria a outros gastos incorridos na prestación de garantías distintas das anteriores.

5. Os órganos competentes das facendas territoriais para a imposición das sancións serán os que exerzan funcións análogas ás mencionadas.»

Disposición derradeira segunda. *Procedemento económico-administrativo.*

Os artigos do Real decreto legislativo 2795/1980, do 12 de decembro, polo que se articula a Lei 39/1980, do 5 de xullo, de bases do procedemento económico-administrativo, que a seguir se relacionan, quedarán modificados como segue:

Un. Artigo 5.

«O Tribunal Económico-administrativo central coñecerá:

a) En única instancia, das reclamacións económico-administrativas que se interpoñan contra os actos administrativos dictados polos órganos centrais do Ministerio de Economía e Facenda u outros departamentos, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado, así como contra os actos dictados polos órganos superiores da Administración das comunidades autónomas.

b) En única instancia, das reclamacións económico-administrativas que se interpoñan directamente ante ese tribunal contra os actos administrativos dictados polos órganos periféricos da Administración xeral do Estado, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado, ou polos órganos das comunidades autónomas non comprendidos no parágrafo anterior cando, aínda podendo presentarse a reclamación en primeira instancia ante o Tribunal Económico-administrativo rexional ou local correspondente, a reclamación se interpoña directamente ante o Tribunal Económico-administrativo central.

c) En segunda instancia, dos recursos de alzada que se interpoñan contra as resolucións dictadas

en primeira instancia polos tribunais económico-administrativos rexionais e locais.

d) Dos recursos extraordinarios de revisión e dos dealzada que se interpoñan para unificación de criterio.»

Dos. Artigo 6, apartado 1.

«Os tribunais económico-administrativos rexionais e locais coñecerán:

a) En única instancia, das reclamacións que se interpoñan contra os actos administrativos dictados polos órganos periféricos da Administración xeral do Estado, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado e polos órganos da Administración das comunidades autónomas non comprendidos na letra a) do artigo anterior, cando a contía da reclamación sexa igual ou inferior ó valor que se fixe regulamentariamente.

b) En primeira instancia, das reclamacións que se interpoñan contra os actos administrativos dictados polos órganos mencionados no parágrafo anterior, cando a contía da reclamación sexa superior ó valor que se fixe regulamentariamente.»

Disposición derradeira terceira. *Contía nas reclamacións económico-administrativas.*

Con efectos para as reclamacións económico-administrativas que se interpoñan a partir da entrada en vigor da presente lei, las contías a que se refiren as letras a) e b) do apartado 2 do artigo 10 do Real decreto 391/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas, quedan fixadas en 25.000.000 e 300.000.000 de pesetas, respectivamente.

Disposición derradeira cuarta. *Conta corrente tributaria.*

Nun prazo de tres meses desde a aprobación da presente lei, o Goberno, mediante real decreto, regulará un sistema de conta corrente tributaria, con obxecto de conseguir unha maior eficacia na compensación de débedas e créditos tributarios.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase ó Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Disposición derradeira sexta.

O artigo 15 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, queda redactado como segue:

«1. As infraccións administrativas de contrabando prescriben ós catro anos contados desde o día da súa comisión.

2. As sancións impostas por infraccións administrativas de contrabando prescriben ós catro anos contados desde o día seguinte a aquel en que adquirira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.»

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

1. A presente lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O disposto no artigo 24 da presente lei, a nova redacción dada ó artigo 64 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e a nova redacción dada ó artigo 15 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de febreiro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

4769 *REAL DECRETO-LEI 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestructuras comúns nos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación. («BOE» 51, de 28-2-1998.)*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A constante evolución das telecomunicacións fai necesario o desenvolvemento dun novo marco lexislativo en materia de infraestructuras comúns para o acceso ós servizos de telecomunicación que, desde unha perspectiva de libre competencia, permita dota-los edificios de instalacións suficientes para atende-los servizos creados con posterioridade á Lei 49/1966, do 23 de xullo, sobre antenas colectivas, como son os de televisión por satélite e telecomunicacións por cable. Igualmente, débense planifica-las infraestructuras de tal xeito que permitan a súa adaptación a servizos de implantación futura con normas reguladoras que xa foron adoptadas no seo da Unión Europea.

As tecnoloxías dispoñibles actualmente ampliaron notablemente a oferta de programas de televisión e radiodifusión sonora e doutros servizos de telecomunicación, polo que cómpre instrumentar medios para que os propietarios de pisos ou locais suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e os arrendatarios de todo ou parte dun edificio poidan acceder a estas ofertas, evitando a proliferación de sistemas individuais e cableados exteriores nas novas construcións, que afectarían negativamente a súa estética. Por outra banda, cómpre facilitar, no seo das comunidades de propietarios, os mecanismos legais para a implantación destes sistemas que permitan a prestación dos novos servizos e a introducción das novas tecnoloxías.

A urxencia na aprobación desta norma deriva, precisamente, da necesidade de dota-los usuarios, nun momento no que é patente a rápida diversificación da oferta nos servizos de telecomunicacións, dos medios xurídicos que garantan a efectividade do dereito a optar entre os diferentes servizos. Ademais, deséxase remover, coa axilidade requirida polo desenvolvemento tecnolóxico e a diversidade de empresas prestadoras de servizos concorrentes no mercado, os atrancos para que estas poidan actuar nel en condicións de igualdade. É imprescindible que tódolos operadores contén coas mesmas oportunidades de acceso ós usuarios como potenciais clientes dos seus servizos.

Ademais, a urxencia da norma deriva da necesidade de lles facilitar, sen dilación, ós usuarios dos servizos de telecomunicacións, tanto de radiodifusión e televisión como interactivos, a eficacia do artigo 20.1.d) da Constitución, permitíndolles elixir entre os distintos medios que lles faciliten información. Deséxase suprimir cantos obstáculos poidan dificultar-la recepción de información